



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 10 DE AGOSTO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:15 horas do día 10 de agosto de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 09-08-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste ao apartado 1 b))

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.
D. José Riesgo Boluda
D. Oscar Couce Senra. (asiste ao apartado 1 d) e 5 a))
D. Belén Alvarez Soaje (asiste ao apartado 2 a), 3 a) e 4 a))

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión do 20.07.2016.**

Deixase pendiente a aprobación da acta para outra sesión por falta de quorum.

b) **Acta da sesión do 29.07.2016**

Cos votos a favor de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, Dna. Susana García Alvarez, Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e a abstención de D. José Riesgo Boluda por non ter asistido a dita sesión se aproba o contido da acta da mesa de contratación de 29-07-2016.

c) **Acta da sesión do 03.08.2016**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:17	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB41-EFEF55-544FBF-YFR3Q4-3EL7VK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cos votos a favor de D. David Regades Fernández, Dna. Susana García Alvarez e Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e a abstención de D. José Riesgo Boluda por non ter asistido a dita sesión se aproba o contido da acta da mesa de contratación de 03-08-2016 coas modificacións efectuadas neste acto.

d) Acta da sesión do 04.08.2016

Cos votos a favor de D. David Regades Fernández, Dna. Susana García Alvarez, Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Oscar Couce Senra e a abstención de D. José Riesgo Boluda por non ter asistido a dita sesión se aproba o contido da acta da mesa de contratación de 04-08-2016.

2. Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307).

Faise entrega do informe da Técnica de Xestión do servizo de Patrimonio Histórico de **09-08-2016** de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula e clasificación final de ofertas presentadas.

3.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307).

O informe entregado retirase a petición do servizo para modifica-lo.

4.- Proposta de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307).

Non se tratou este asunto porque o informe foi retirado a petición do servizo.

5.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixiancia do edificio Gran Hotel Samil. (expediente 19854-240).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:17	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB41-EFEF55-544FBF-YFR3Q4-3EL7VK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixiancia do edificio Gran Hotel Samil. (expediente 19854-240).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 17 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación do servizo de vixiancia do edificio Gran Hotel Samil e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do **2 de agosto de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Nº	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	ALCOR SEGURIDAD, S.I.	100,00
2	EULEN SEGURIDAD, S.A.	93,08
3	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	93,01
4	ASTRA SISTEMAS, S.A.	92,82
5	CLECE SEGURIDAD, S.A.U.	92,64
6	GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L.	92,56
7	COMPAÑÍA INTEGRAL DE SEGURIDAD, S.A.	92,13
8	ILUNION SEGURIDAD, S.A.	91,54
9	SERVICIOS DE SEGURIDAD INTEGRAL E	91,02



MATEMENTO A-1	
---------------	--

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 903,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 3 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, S.L. que presenta a documentación requirida en data 8 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 10 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALCOR SEGURIDAD, S.L..

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP),



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:17	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB41-EFEF55-544FBF-YFR3Q4-3EL7VK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ALCOR SEGURIDAD, S.L.. o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia do edificio Gran Hotel Samil. (expediente 19854-240) por un prezo de 60.841,70 euros (IVE engadido), todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:25 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:17	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB41-EFEF55-544FBF-YFR3Q4-3EL7VK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		